



Concello de Laxe



# ENTROIDO LAXEIRO 2021



## BASES DO "I CERTAME VIRTUAL DE ENTROIDOS"

### INTRODUCCIÓN

Coas finalidades de dinamizar este peculiar entroido fortemente marcado polas restricións de contacto social establecidas para a prevención da COVID-19, así como coa de ofrecer alternativas de ocio á poboación nestes tempos en que as medidas de prevención e recomendacións sanitarias para evitar a propagación da pandemia non fan posible a celebración dun entroido "tradicional" con desfiles, pasarrúas e bailes de disfraces, tal e como se viña facendo no noso concello nos últimos anos, propónse a celebración dun certame virtual de exhibición e recoñecemento ás mellores fotografías deste entroido 2021 e que se celebrará telematicamente grazas ás posibilidades de comunicación e visibilidade que nos brinda a rede de internet.

### 1 PARTICIPANTES

Poderán participar neste certame todos as persoas físicas, menores ou maiores de idade, sexan ou non de Laxe que, de xeito individual ou en pequeno grupo de persoas convivintes, queiran presentar unha fotografía na que toda persoa que apareza na imaxe deberá estar disfrazada.

### 2 DA IMAXE CANDIDATA A SER PREMIADA E DAS MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

- As fotografías deberán remitirse ao correo electrónico de cultura@concellodelaxe.com ou ben envialas por mensaxería whatsapp ao número de teléfono de NovaLaxe: 657 771 006.
- Só se admitirán imaxes en formato JPEG ou PNG.
- O nome dado ó arquivo, á imaxe, deberá coincidir co nome do entroido e/ou grupo de entroidos facilitado na folla de inscrición que deberá remitirse xunto coa imaxe.
- Xunto coa imaxe, deberá remitirse a correspondente folla de inscrición que poderá descargarse como folla anexa ás bases do certame e que necesariamente ha de entregarse en orixinal na Casa do Concello ou remítela de forma telemática a través da sede electrónica municipal sempre e cando a persoa solicitante conte con sinatura dixital.
- En ningún caso, serán admitidas imaxes que vulneren ou poñan en risco a imaxe e dereitos de terceiras persoas ou que teñan un carácter ofensivo e degradante en contra de persoas e/ou seres vivos en xeral.
- Haberá 2 modalidades de participación:
  - **INDIVIDUAL:** ben sexa a persoa que se inscribe, maior ou menor de idade.
  - **COLECTIVA:** en pequeno grupo, limitado a persoas convivintes, no que poderán participar tanto menores como maiores de idade.
- No caso dos menores de idade, requirirase a autorización do/a pai, nai ou titor/a para poder ser admitido/a ó Certame.
- Cada persoa só poderá participar nunha única categoría.

### 3 PRAZOS

- Prazo de inscrición e envío de imaxes: do 11 ó 17 de febreiro.
- O martes 16 de febreiro, todas as fotografías dos establecementos participantes iránse subindo tanto á páxina web municipal como ó perfil do Facebook do Concello de Laxe para que cada persoa, nominadamente e con independencia do seu lugar de procedencia, poida emitir o seu voto ó establecemento que segundo el ou ella merece gañar o certame.
- Prazo de votacións popular: do 17 ó 19 de febreiro do 2021.

### 4 PREMIOS

Haberá 3 CATEGORÍAS DE PREMIOS para cada unha das modalidades de participación:





Concello de Laxe




# ENTROIDO LAXEIRO 2021



## BASES DO " I CERTAME VIRTUAL DE ENTROIDOS "

- ENTROIDO MÁIS ORIXINAL INDIVIDUAL
- ENTROIDO MÁIS ORIXINAL GRUPAL
- ENTROIDO MÁIS ARTESANAL INDIVIDUAL
- ENTROIDO MÁIS ARTESANAL GRUPAL
- ENTROIDO MÁIS DIVERTIDO INDIVIDUAL
- ENTROIDO MÁIS DIVERTIDO GRUPAL



(2ª PARTE)

- O premio consistirá nun **diploma e agasallo conmemorativo como gañador/a ben sexa individual ou grupal da categoría correspondente.**
- Unha vez sumados os votos, comunicaráselle á persoa que realice a inscrición.
- **O domingo 21 de febreiro faráselle entrega do premio** á persoa que solicita a inscrición no certame de maneira individual ou grupal.
- Unha vez entregado o premio, difundirase o resultado do certame nas canles dixitais municipais, así como aos medios de comunicación locais.

### 5 DO XURADO E DAS VOTACIÓNS

- O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos a través das canles antes mencionadas.
- Os entroidos gañadores, ben na modalidade individual e grupal, será aqueles que máis votos en positivo reciba.
- Para que cada persoa poida emitir os seus votos, habilitaranse 3 vías para facelo:

#### 3.1 POR MENSAXERÍA WHATSAPP ENVIANDO UNHA DAS SEGUINTES MENSAXES PARA CADA CATEGORÍA AO NÚMERO DE TELÉFONO DE NOVASLAXE: 657 771 006


- “O entroido individual que máis orixinal me parece é \_\_\_\_\_(nome do entroido/grupo)\_\_\_\_\_”
- “O entroido grupal que máis orixinal me parece é \_\_\_\_\_(nome do entroido/grupo)\_\_\_\_\_”
- “O entroido individual que máis artesanal me parece é \_\_\_\_\_(nome do entroido/grupo)\_\_\_\_\_”
- “O entroido grupal que máis artesanal me parece é \_\_\_\_\_(nome do entroido/grupo)\_\_\_\_\_”
- “O entroido individual que máis divertido me parece é \_\_\_\_\_(nome do entroido/grupo)\_\_\_\_\_”
- “O entroido grupal que máis divertido me parece é \_\_\_\_\_(nome do entroido/grupo)\_\_\_\_\_”

#### 3.2 A TRAVÉS DA PÁXINA DO FACEBOOK do Concello de Laxe:

- Outorgando un “me sorprende” á imaxe do entroido individual e/ou que máis orixinal che pareza;
- Outorgando un “me gusta” á imaxe do entroido individual e/ou que máis artesanal che pareza;
- Outorgando un “me gusta” á imaxe do entroido individual e/ou que máis divertida che pareza;

#### 3.3. DE MANEIRA PRESENCIAL, depositando unha papeleta de voto no BUZÓN HABILITADO Ó EFECTO na planta baixa da Casa do Concello, en horario de mañá, de 09.00 a 14.00 horas na planta baixa. Habrá modelos de follas de votación ao carón do antedito buzón.

No caso de que unha merma persoa emita varios votos, só se terá en conta o primeiro voto emitido cronoloxicamente.





Concello de Laxe



# ENTROIDO LAXEIRO 2021



## BASES DO " I CERTAME VIRTUAL DE ENTROIDOS "

(3ª PARTE)

### 4 DO PROCEDIMENTO PARA A ELECCIÓN DOS ENTROIDOS GAÑADORAS

- **Ás 12.00 horas do venres 19 de febreiro pecharase o prazo para emitir votacións.** Non serán tidas en conta aquelas que se fagan despois dese horario.

O persoal do concello será o encargado de recompilar e sumar todos os votos emitidos por calquera das 3 canles xa comentadas.

### 5 DEREITOS DE AUTOR e PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

- O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das fotografías remitidas polas persoas participantes no Certame, sen que, en ningún caso, medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso tampouco, serán esixibles dereitos de autor.
- Cada persoa/grupo participante no devandito Certame, consinte que o Concello de Laxe faga públicas ás imaxes remitidas con obxecto de participar no certame, os datos relativos ó nome do entroido, grupo facilitado no momento da inscrición, así como os datos relativos ao concello de residencia habitual e a fotografía das persoas e/ou grupos gañadores no momento da recollida e entrega do premio do concurso, que se fará pública para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición.
- Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.
- O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s que emitan os seus votos, en ningún caso serán feitos públicos, pero si serán necesarios para comprobar e tentar que cada persoa poida emitir un único voto.
- De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados. Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

### 6 A participación neste certame supón a TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.

